




SUBIDA AO CUÍÑA (OS ANCARES)


Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: 10/11 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 4 horas



Unha camiñada doada, non moi longa, non chegamos aos 10 km ida e volta (un máis se facemos o desvío á lagoa), para acadar o cume máis alto da serra dos Ancares, gozar da paisaxe da montaña e de ver desde o alto as formas do releve e o traballo que fixeron sobre elas os elementos e o paso do tempo, as formas suaves cubertas de mato da cara oeste e as altas e descarnadas paredes da cara leste, que caen case 200 m desde o cume á terraza na que se atopa a lagoa e outros 300 m, en vertical, desde a terraza ao fondo do val; as cores do cambio de estación e, se a sorte nos acompaña, algúns dos moradores desas alturas (rebezos, voutres, choias...)



Baixando do Cuíña

Vista desde o alto do Cuíña.
Cumes dos Ancares desde o Penalonga ao Penarrubia



Comezamos no porto de Ancares, no espazo do aparcamento do miradoiro de Balouta. Desde o mesmo espazo de aparcamento, por un ou o outro lado, arrancan os carreiros, que logo se xuntan, polos que se fai a ruta, un traxecto con lixeiras subidas e baixadas que beirea o corte do monte na caída ao circo do Val de Ancares, que so se deixa para rodear, sen gañar altura, o pico do Tiro do Porto de Ancares, facer logo unha curta baixada e comezar o primeiro tramo de subida no que se atopa o único punto que se pode considerar difícil do percorrido, superar unha pequena crista no perfil entre o Val de Ancares e o val de Suárbol para continuar logo por un traxecto cómodo ata o alto da primeira lomba; logo só queda baixar á campá desde onde se colle o desvío á lagoa e xa temos de fronte o último tramo do percorrido, o carreiro, case dereito que permite superar os preto de 200 m de desnivel que nos separan do cume. A piques de chegar descúbrese á outra banda o aliñamento dos picos da raia galego-berciana: Penalonga, Mostallar, Corno Maldito, Tres Bispos, Penarrubia, todas as alturas intermedias, e máis alá. Desde o cume as panorámicas dos 360º son increíbles e mudan co paso das horas, segundo a posición do sol. Alí podemos gozar das formas e as cores dos vales das dúas vertentes e toda a comarca.



Rebezos (*Rupicapra rupicapra*)



Tollemerendas (*Crocus serotinus*)



Lago, circo e val glaciar ao pé do Cuíña



Vista desde o Cuiña cara a Galiza. No centro Piornedo e ao fondo o val do Ser.



Val de Ancares, entre o Miravalles (á esquerda) e Dos Hermanitos (á dereita)